

ARQUIVO DE CIRCO CONTEMPORÁNEO OU NOVO CIRCO GALEGO

Informe do Estudo Estadístico do 1º Censo de Artistas
de Novo Circo Galego.

Dirixido por
Raquel Oitavén

Colabora



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



Índice

01	PRESENTACIÓN DO PROXECTO ARQUIVO DE CIRCO CONTEMPORÁNEO	2
02	DATOS DA ESTUDO	3 - 15
	• ARTISTA ◦ Comezo Actividade Artistas Novo Circo ◦ Xénero ◦ Disciplinas e Especialidades Circenses ◦ Formación Artística Circense. ◦ Habitat / Adestramento / Creación ◦ Carácter Espéctáculos ◦ Distribución e Difusión Xeográfica ◦ Recursos Creativos ◦ Situación Laboral / Fiscal • COMPAÑÍA ◦ Comezo Actividade ◦ Tipoloxía Agrupacións ◦ Lugares Residencia ◦ Xénero ◦ Distribución ◦ Carácter Espectáculos ◦ Rexistro Comercial • AXENTES ◦ Tipoloxía de Axentes ◦ Rexistrro fiscal ◦ Listado Escolas / Espazos Adestramento ◦ Listado Distribuidoras / Produtoras ◦ Listado Asociacións ◦ Listado Fábricas de Aparatos ◦ Listado Redes Galegas ◦ Listado Festivais Circo en Galicia ◦ Listado de Subvencións ◦ Listados Históricos Artistas, Escolas, Compañías.	
03	CONTEXTUALIZACIÓN E ANÁLISE	16 - 23
04	AGRADECEMENTOS	24
05	REFERENCIAS	25

PRESENTACIÓN DO PROXECTO

O **Arquivo Online de Circo Contemporáneo ou Novo Circo Galego** é un proxecto dirixido, confeccionado e redatado por Raquel Oitavén, Artista de Circo Aéreo, Creadora Escénica e Docente de Circo Galego. Facendo equipa na Videoteca Histórica con Antón Coucheiro, Director, Actor e Clown e na inclusión e Deseño Web do Arquivo con Malala Ricoy, Artista de Circo, Clown e Comunicadora Audiovisual. Este proxecto conta tamén co apoio da APCG, AGADIC e Deputación da Coruña para a súa realización.

O Arquivo engloba 3 bloques o primeiro é a realización do 1º Rexistro e Censo de persoas Artistas Galegas, o segundo é o Estudo Estadístico dos datos aportados por estas artistas e o terceiro bloque é a creación da Videoteca Histórica e dixitalización de antigas cintas de varios festivais e acontecementos circenses dos últimos 20 anos. Este proxecto está deseñado en formato online para que tódalas persoas interesadas poidan ver a información desta recensión na historia da cultura galega circense e dispoñela inclusive como ferramenta para as diferentes operadoras da cultura e novo circo galego.

A recollida de datos do Censo e do Estudo Estadístico para o Arquivo Online de Novo Circo Galego, realizouse a través de formularios google enviados os mails das Asociacións e persoas Artistas Galegas coñecidas. O formulario contiña a ficha rexistro de artistas e un cuestionario con diferentes preguntas para a súa análise posterior. Fixéronse varios anuncios en Plataformas e Redes Sociais de Circo Galegas e Nacionais, o igual que tamén publicouse a información e enlace os formularios na web da APCG. A convocatoria de inscricións foi realizada do 10 setembro o 14 de outubro do 2024.

Tódolos datos están tratados baixo a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, da Protección de Datos Persoais e garantía dos dereito dixitais. Estudados por Raquel Oitavén, están expostos na páxina web da APCG Asociación Profesional de Circo de Galicia <https://www.apcg.gal/> e a Videoteca estará incluída no perfil youtube da propia APCG.

Neste informe só nos centraremos no Estudo Estadístico do 1º Censo de Artistas de Novo Circo Galego.

DATOS ESTUDO

Este proxecto e Estudo realizase segundo as inscricións que fan as profesionais de circo altruístamente, sendo a súa labor e decisión a inclusión no 1º Censo do Arquivo de Circo Contemporáneo Galego, non poderemos compatibilizar o total, sabendo que faltan algunhas profesionais que non se inscribiron neste 1º Censo mais achegámonos bastante a realidade actual. Cunha participación total de 86 inscricións que se dividen en 3 Seccións, **52 Artistas**, **13 Compañías** e **21 Axentes** de Novo Circo Galego. Repartidos maiormente entre dúas provincias da Comunidade Galega, A Coruña e Pontevedra.

Entre os Axentes Circenses atopamos **10 Escolas e Espazos de adestramento** para circo, **8 Distribuidoras e Produtoras** Escénicas e Eventos, **6 Asociacións** de artistas na difusión das artes circenses e **2 Artesáns** na fabricación de aparatos circenses.

No seguinte documento analizaremos en mais profundidade os diferentes resultados obtidos sobre as cuestións que consideramos máis relevantes do sector, previamente analizadas para o cuestionario formulado. E poder facer así unha radiografía aproximada da situación actual a día de hoxe. A temporalidade que comprendemos do **Circo Contemporáneo Galego ou Novo Circo** é dende aprox o **ano 2000** ata hoxe 2024. Así que este Estudo está focalizado nos datos comprendidos entre estas datas.

Sabemos e temos o coñecemento da Gran Historia que ten o Circo en Galicia e a reflexaremos e contextualizaremos como a actividade histórica, pero non incluimos a valoración destes datos na estadística.

Neste Estudo, Só valoramos os datos obtidos do censo publicado, no que se inscribiron 52 artistas, 13 compañías e 21 axentes de Novo Circo da Comunidade. Así que tódolos datos están axustados a este grupo de artistas, agrupacións e empresas.

As cuestións que tivemos en conta para a recadación de datos foron sobre as seguintes temáticas:

- Comezo Actividade Artistas Novo Circo
- Residencia Fiscal
- Xénero
- Disciplinas e Especialidades Circenses
- Formación Artística Circense.
- Habitat / Adestramento / Creación
- Carácter Espectáculos
- Distribución e Difusión Xeográfica
- Recursos Creativos
- Situación Laboral / Fiscal
- Rexistro comercial

De seguido expoñemos os valores anteriores, separados por grupos.



ARTISTAS

Comprendemos que a meirande parte das Artistas Galegas rexistradas son tamén en si mesmas, **Compañías Unipersoas** que realizan mais actividade que só a de actuar, compaxinan traballos de distribución, produción de eventos, xestión cultural, docencia, técnica e dirección entre outras. Reférimonos a Artistas Galegas a todas aquelas persoas que naceron e/ou sen ter nado en Galicia desenrolen practicamente toda a súa actividade circense en Galicia.

Consideramos Artistas Galegas as que naceron e/ou seguen na comunidade ou están a desenrolar a súa actividade fóra. Tamen facemos conta da comunidade de artistas o 30% que inda sen ter nado e/ou desenrolan practicamente toda a súa vida profesional en Galicia. Así que contemplamos a todas elas Artistas Contemporáneas Galegas ou de Novo Circo.

A idade media do sector no ano 2024 é de 43/44 anos. A primeira persoa rexistrada é o actor Avelino Iglesias no ano 1980 como zancudo e a última en dar paso na súa actividade no 2021 rexistrouse a Sabela de Mouzo. Podemos dicir que nos finais dos 90 comezan a xurdir as primeiras artistas contemporáneas dando comezo a esta etapa do Novo Circo ou Circo Contemporáneo Galego. Estes artistas rexistrados foron Carlos Sante 1986, Kote Malabar no 1995, Pablo Reboleiro no 1997. No ano 2000 foi o primeiro ano que mais inicios profesionais se rexistraron, con 5 artistas en total,. A partir de aí foi un conteo continuo ata os anos 2004/2005 que houbo outro pico con 3/4 artistas nov@s cada ano. E así igualmente foronse sumando novas profesionais ata o ano 2018. Ano que máis artistas comezaron a súa andadura profesional o mesmo tempo, cun total de 6 integrantes máis do Novo Circo Galego. E segue o conteo ata hoxe.

A nivel de xénero son 30 **artistas masculinos** o **57,7%** e 22 **artistas femininas** o **42,3%**. Compénsase bastante inda que non chega a paridade ideal e tamén seguen estando divididas as disciplinas en homes “Malabaristas” e mulleres “Aerealistas”. Nas disciplinas que si se mistura máis e nas de Acrobacia e Clown. De feito nestas familias circenses concéntranse a maioría d@s Artistas Galeg@s Contemporáneos sabendo que como Disciplina Principal considéranse o **40,7% Clowns**, o 24,1% Aerealistas, o 16,7% Malabaristas, o 7,4% Acróbatas, o 7,4% Equilibristas e un 3,7% Mág@s.



Contemplamos a Disciplina Principal como o Campo Artístico dominante e a Especialidade como as diferentes ramas dentro deses Campos.

Observamos con mais detemento as diferentes especialidades circenses que dominan as artistas galegas. Combinando varias delas do mesmo grupo e inclusive doutros grupos ou familias. Contando con moitas artistas cun amplo abanico de habilidades na comunidade e que tocan practicamente moitas das ramas circenses existentes. Nós no estudo recollimos estas.

Grupo Aerealistas: Este grupo compoñeno 13 persoas como Disciplina Principal inda que visualizamos o total de persoas que executan estas especialidades nos diferentes aparatos: Aro Aéreo 12 persoas, Trapecio 11, Corda 10, Tecidos 11, Hammock 7, Corda/Trapecio Voante 2, Trapecio Washington 1, Straps 4, Mastro Chines 2, Danza Vertical 7, Aparato de Deseño Propio 1, Pole Dance 2.

Grupo Malabaristas: Este grupo compoñeno 9 persoas como Disciplina Principal inda que visualizamos o total de persoas que executan estas habilidades cos seguintes obxectos: Pelotas 15 persoas, Pelota Contact 4, Mazas 16, Aros Malabar 4, Chapeus 2, Caixas Malabar 1, Diabolo 4, Paus Chinos 1, Hula Hoop 3, Cariocas/Pau Lume 6, Manipulación de obxectos 1, Trompos 1.

Grupo Equilibristas: Este grupo compoñeno 4 persoas como Disciplina Principal, Funambulismo 3 artistas, Corda Frouxa 1, Slackline 2, Verticais/Pulls 6, Cadeira Equilibrio 1, Escalera de Equilibrio 1, Pelota Equilibrio 2, Monociclo 6, Bicicleta 1, Rulo 7, Zancos 13.

Gupo Acróbatas: Este grupo compoñeno 4 persoas como Disciplina Principal, Acrobacia de chan 5 persoas, Acroportés 19, Banquina 1, Contorsión 2, Antipodismo Acróbatico, Cama Elástica 4, Báscula 2, Roda Cir 3, Slapstick 12.

Grupo Clowns: Neste grupo atópanse a meirade parte dos artistas sendo 22 persoas que teñen como Disciplina Principal o humor, nos que diferenciamos Cara Branca 12 persoas, Augusto 15, Tony 3, Bufón 12, Teatro Físico 23, Improvisación Teatral 16, Burlesque 9, Monólogo 3.

Sabendo que o Circo sempre foi un aglutinador de Artes, tamén recolleemos outras Habilidades e Técnicas realizadas polas artistas contemporáneas que complementan as súas creacións e xeneran unha maior amplitude de posibilidades e valor engadido.

Grupo mixto: Globoflexia 7 persoas, Maxia 6, Pompas de Xabón 2, Danza 17, Música 14, Dirección Artística 15, Son 7, Iluminación 6, Escenografía 1, Técnica de altura/Rigger 5, Construcción de Aparatos 9, Deseño Vestuario 3, Formadora Clown 2, Robotica 1.

Sobre o referente a Formación das Artes do Circo e a tódalas habilidades anteriores, das 52 artistas inscritas vemos que 45 delas asisten a Cursos e Intensivos, 28 formáronse en Escolas de Circo, **12 realizaron estudos en Escolas Superiores de Circo**, 31 deles son tamén autodidactas e 7 estudaron ou fixeron outras Carreras Universitarias ou Másters noutras Artes.




O igual que a formación, a práctica continuada circense é clave para poder manter as disciplinas, o corpo e a psicoloxía. Ó igual que para realizar os traballos de creación de espectáculos, investigación persoais e das compañías, estas precisan de lugares axeitados para esta práctica cuns requirimentos técnicos específicos. O 69,8% das Artistas Galegas Contemporáneas realizan esta práctica na nosa comunidade o 28,3% fano na península ibérica e o 1,9% no estranxeiro.

Os espazos que usan para este fin son:

Espazos de circo o 64,2% das artistas, en Centros Socioculturais Municipais o 22,6%, en Espazos Asociativos e Espazos de lecer o 24,5%, en Casa o 37,7% na Rúa ou Espazos Abertos o 18,9% en Espazo Persoal Aluger/Propiedade o 26,4% en Pavillóns o 3,8% e en Salas Residencias Públicas ou Privadas o 1,9%. A meirande parte das artistas combinan os diferentes espazos para a o adestramento e produción de espectáculos.

LUGAR ADESTRAMENTO DIARIO



USO ESPAZOS DE ADESTRAMENTO E CREACIÓN




A hora das súas creacións e espectáculos parámonos en diferentes aspectos, como é o seu carácter, o tipo de distribución e expansión xeográfica, os recursos empregados ou solicitados na creación.

Os datos obtidos na difusión e expansión da execución dos espectáculos a niveis xeográficos os resultados foron que o 35,8% moveuse a nivel nacional, 32,1% de forma autonómica o 22,6% internacionalmente e o 9,4% a nivel Europeo. A distribución ou oferta das pezas e creacións fana a través de distribuidora o 64,2% 33 persoas, de forma persoal o 62,3% 31 persoas, en Casting ou en diferentes Compañías o 22,6% 12 persoas, non fan distribución o 9,4% 5 persoas.

Sobre o Carácter das producións circenses sabemos que o **88,7%** das **Artistas** Contemporáneos compoñen as súas pezas de cara a **Rúa** o 64,2% Sala e Teatro, o 37,7% Animacións, o 26,4% Espazos Non Convencionais, o 9,4% Videocreación, o 11,3% Bares o 9,4% Semáforos/Terrazas e o 1,9% Carpa Circo.

EXPANSIÓN XEOGRÁFICA




CARACTER ESPÉCTACULO



Para estas creacións das 52 artistas buscan financiación e utilizan os seguintes recursos e ferramentas para as diferentes capas da produción creativa o 24,5% fan uso de Subvencións o 94,3% fai a súa Autoprodución, o 28,3% Cooproducións con outras compañías/artistas, o 13% Residencias e o 1,9% Contratación noutros espectáculos Casting.


A nivel fiscal e situación laboral das artistas da nosa comunidade o **58,5% son Autónom@s** o 24,5% é Empregad@ ou dase de alta a través de Distribuidora, Sociedade, Asociación ou Autónom@ o 9,4% Dase de Alta e Baixa no IAE e SS pola súa conta e responsabilidade, o 3,8% é Socio dunha Sociedade, o 1,9% é Autónomo e forma parte dunha Sociedade e o 1,9% resposta maternando ou baixa temporal.




Outro dos datos importantes sobre a situación salarial que perciben as persoas traballadoras circenses anualmente, só da entrada éscenica como artista, diferenciamos ésta do resto de actividades levadas polas compañías unipersoais é de -6000€ o 30,2%, +6000€ 13,2%, +8000€ 5,7%, +10.000€ 34% e o 17% Prefire non contestar.

Observamos que compaxinando con outras actividades como a formación, xestión, confección, dirección entre outras os datos son que o **20,8% percibe anualmente - de 12.000€,** o 17% +12.000€, o 17% +15.000€, o 3,8% +20.000 e + de 25.000€ o 11,3%. O 30,2% prefire non contestar.

SALARIO ANUAL SÓ DA ACTIVIDADE ESCÉNICA



SALARIO ANUAL TOTAL ACTIVIDADE



COMPAÑÍAS

Inscribíronse no Censo do Arquivo de Circo Contemporáneo Galego 13 compañías formadas entre os anos 2001 e o 2019 asentadas entre as provincias de **A Coruña o 53,4%** e Pontevedra 33,3%. Fóra da nosa comunidade reside o 13,4% ou compaxina as estancias.


Consideramos Compañía a agrupacións de dúas ou mais persoas. Distinguimos estas das Compañías Unipersoas representadas por Artistas Individuais. Como observacións case tódalas compañías están compostas por dúas artistas só 3 compañías Pistacatro, Troula Animación e SUMA teñen máis integrantes no seu conxunto. A nivel de xénero hai unha gran desigualdade o 52,9% son agrupacións mixtas formadas por home e muller. As **agrupacións só femininas** conforman o **17,6%** entre elas a mais antiga Duelirium, dúo aéreo formado no 2001 e o 29,4% está só integrada por homes como a Compañía Muu.

Tamén observamos que **82,4%** das compañías **combinan a distribución** dos seus espectáculos, e dicir, fan a venta destes a través de distribuidoras especializadas e pola súa conta o mesmo tempo. O 11,8% fai só a súa propia distribución e venta de espectáculos e o 5,9% faino só a través dunha distribuidora éscenica.


As disciplinas ofertadas por estas compañías son principalmente Aéreas, de Clown e Acrobacia. Tamén saber que a nivel corporativo o 67,3% non ten a súa marca rexistrada o 26,7% sí a ten e o 6,7% non sabe.

Como algo destacado o ano onde se forman mais compañías, 6 en total é o ano 2018, Coincidindo co ano que mais artistas ou compañías unipersoais inician a súa actividade profesional artística..

XÉNERO COMPAÑÍAS



DISTRIBUCIÓN COMPAÑÍAS AGRUPACIÓNS



AXENTES

Consideramos Axentes a tódalas persoas operadoras que fan o tecido do sector circense galego entre eles está a formación, a distribución, a produción escénica, eventos e festivais, a xestión cultural o adestramento profesional, a fabricación de aparatos circo. Todos elas con base en Galicia.

O 47,1% son Autónomos 11,8% son Sociedade Limitada o 35,5% Asociacións e o 5,9% son Cooperativa. A formación destas comeza no ano 2000 ata o día de hoxe só a Asociación Galega de Paiaos crease no ano 1982.

Como peculiaridade no 2018 foi o ano que mais formación de axentes tivo con 3, coincidindo co ano de mais formación de compañías e artistas.

Sabemos que faltan algúns axentes do sector mais dos inscritos atópamonos con, 10 Escolas e Espazos de adestramento circense, 8 Distribuidoras ou Produtoras especializadas en circo, 2 xestores/produtores 6 Asociacións de artistas na difusión das artes circenses e 2 Artesáns na fabricación de aparatos circenses.

Distinguimos nos seguintes listados:

Escolas de Circo e Disciplinas Circenses

Circonove

Andén 38

Gothic Circus

Zo Circus

Pole Art by Raquel Oitavén

Artes Escénicas Pontevedra

Espazos Cursos Circo e Espazos Adestramento

Manicómicos

Escola Galega de Clowns

A Fedora Conserveira Cultural

N+1 Teatro Circo Danza

Distribuidoras e Produtoras

Pistacatro S.L Distribuidora / Produtora

Kandengue Arts Distribuidora

Charlatana S.Coop. Galega Distribuidora / Produtora

Moc Moc Espectáculos Distribuidora / Produtora

Troula Animación Produtora

Manicómicos Produtora Festival / Eventos

Pablo Méndez Performances S.L. Produtora Eventos

Mago Noel Produtora Eventos

Xestión Cultural

Belem Brandido Xestión Produtora Eventos/ Espéctaculos

Antón Coucheiro Xestión Produtor Eventos/ Dirección

Asociacións

CIRCONOVE

MANICÓMICOS

APCG Asociación de Profesionais de Circo de Galicia

A FEDORA Conserveira Cultural

ESCOLA GALEGA DE CLOWNS

TANIT A.C.A.P. Asociación Cultural Amigos de Los Payasos

Fabricación de Aparatos Circenses Aéreos

Aerial Frope

Mercè Solé

Ademais incluímos as Redes Culturais e Festivais especializados en Circo, ou aló menos cunha participación mínima nas súas programacións. Estes foron pesquisados fóra dos formularios do Estudo e Censo:

REDES ESCÉNICAS GALEGAS .

- REDE DE TEATRO E AUDITORIOS GALEGA
- REDE CULTURAL DEPUTACIÓN CORUÑA
- PONTEGAL REDE DIPUTACIÓN PONTEVEDRA
- CULTURA NO CAMIÑO
- REAOU REDE AUDITORIOS DEPUTACIÓN DE OURENSE
- CULTUREA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
- CAMINO ESCENA NORTE
- CIRCUITO DE TEATRO PROFESIONAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO

FESTIVAIS CIRCO E CLOWN.

- Festival Manicómicos (A Coruña) (Asociación Manicómicos)
- Parrulas Fest (Nigrán) (Charlatana Cooperativa Galega de Artistas)
- Festacrown (Vilagarcía) (Culturactiva)
- Encontro de formación e innovación D10 (Santiago de Compostela) (Pistacatro)
- Rianclown (Rianxo) (Charlatana S coop Galega)
- FIOT-Festival Internacional de Outono de Teatro (Carballo)
- FITO-Festival Internacional de Teatro Ourense (Ourense)
- MIT-Mostra Internacional de Teatro (Ribadavia)
- MITCF-Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo (Cangas do Morrazo)
- Festival Internacional Galicreques (Santiago de Compostela)
- Festival Internacional de Títeres de Redondela (Redondela)
- Singular. Festival Internacional do Monólogo Teatral (Narón)
- Titiriberia. Festival de Títeres Tradicionais Ibéricos
- Festival Itineranta espectáculos itinerantes (Troula Animación)
- O ClownCurso Festival Asoc Escola Galega de Clowns 1º edición 2025.

LISTADO SUBVENCIONES GALEGAS

- Subvenciones de creación AGADIC
- Subvención de xira AGADIC
- Subvención festivais AGADIC
- Subvención o desenvolvemento de festivais musicais e Artes Escénicas Deputación da Coruña.
- Subvención de perfeccionamento Artístico Deputación da Coruña

FEDERACIÓNS / REDES CIRCO NIVEL NACIONAL

- Circo Red Federación de Asociaciones Profesionais de Circo de España.
- Feece Federación Española de Escuelas de Circo Socioeducativo
- Circo a Escena Circuito (redescena)

ARTISTAS NOVO CIRCO HISTÓRICOS GALEGOS

"Manu Lago" Manuel Lago García

"Juanin" Juan Silva Pequeño

Pedro Brandariz Gómez

FESTIVAIS NOVO CIRCO HISTÓRICO GALEGO

- D Gorra - Pistacinco.
- Retruke Encontro de circo Galego - Pistacinco.
- Festiclown – Culturactiva. Agora chamado Festaclown.

ASOCIACIÓNS NOVO CIRCO HISTÓRICO GALEGO

Malandraxa

Circus Fusión Ferrol

Pistacinco. Agora chamada Circonove.

COMPAÑÍAS CIRCO HISTÓRICO GALEGO

Circo Feijo 1870

Circo de los Muchachos 1963

Malabaranda 1996

ESCOLA DE CIRCO HISTÓRICA GALEGA

Circo de los Muchachos primeira escola de circo en España 1963

CONTEXTUALIZACIÓN E ANÁLISE

Antes de profundizar no Novo Circo Galego faremos unha contextualización a nivel Europea para entender de onde viñamos e o porqué desta nova era das Artes de Circo.

Nunha Europa onde o Circo Clásico como o da Escola de Moscú nos anos 30, xa derá unha volta convertíndose en Circo Moderno, nos anos 70, o circo frances comeza este cambio cara o Novo Circo abrindo escolas como a de Annie Fratellini no 1973 ou festivais como Cirque de Demain 1977. A nivel internacional xurden arredor dos anos 80 compañías con este carácter mais contemporáneo como o Cirque du Soleil (1984) ou Cirque Eloize (1989) ente outras.

Aquí en Galica saber que nese momento, finais 90-2000 estaba xa en declibe o importante referente do Circo de los Muchachos proxecto de mais de 30 anos levado arriba polo Padre Silva, anticipándose a Europa abrindo aquí en Bemposta a 1º Escola Circo de los Muchachos en 1963, segunda despois da Escola de Moscú anos 30. O Circo de los Muchachos foi referente das compañías anteriormente citadas. Pola súa innovación do circo sen animais e o seu concepto artístico diferente do anterior. Máis adiante comezarían a nacer os primeiros festivais como o Festival Cómico de Cangas uns dos máis antigos achegados o circo no 1984.

Tendo en conta o contexto a nivel galego o Novo Circo xurde dende finais dos 90 ata hoxe pero sobre todo no ano 2000 e cando hai unha ruptura co formato de "Circo Moderno" e comeza a súa propia andadura cara o Novo Circo ou Circo Contemporáneo Galego. As inquedanzas destas novas artistas son diferentes xa non só e importante a habilidade do máis difícil. Senón que introducen máis linguaxes, queren contar algo máis que non só a destreza.

Comezan a xurdir grupos de rapaces e rapazas universitarias e adolescentes en busca de xogo, comunidade, creatividade, é un momento vital de expansión persoal, activismo social e moita enerxía. O que diferentes factores o redor crearon un caldo de cultivo que xerminou en grupos máis organizados e con obxetivos comúns artísticos que impulsaron o nacemento de proxectos que consolidarán máis adiante a creación de novas artistas e espazos de adestramento e formación.




E así nace a Asociación de Novo Circo e Cabaré Galega (colectivo Pistacatro) no 2000 e Culturactiva Cooperactiva 2001 con base en Santiago de Compostela. Onde xa existían a Casa Encantada, espazo okupado e autoxestionado onde se puñan en común os primeiros pasos nas Artes do Novo Circo. Ou a Sala Nasa, Sala de Teatro Alternativo compostelana dirixida pola Compañía Chevere dende o ano 1992 ata o 2011. Referente principal que serviu a moitas artistas da época e da comunidade galega a expandir as novas linguaxes escénicas que estaban ocorrendo nese momento, entre elas o circo. Abrindo o escenario da súa programación “Ultranoites” para a experimentación desas novas inquiredanzas artísticas. De feito a Sala Nasa acolleu dende o 2000 tódalas edicións menos unha das Festas do Circo organizadas por Asoc de Novo Circo e Cabaré Galega que mais tarde chamaríase Pistacinco.

Tamén na Coruña no 2004 a Asoc Manicómicos abría as súas portas para a difusión das Artes Escénicas e Comedia e así arrancan o Festival Manicómicos en Coruña e o Festiclown 2001 en Compostela damán de Cooperactiva como primeiros Festivais de Clown e Circo na Comunidade.


E de ahí brotan outras Asociacións de Artistas de Novo Circo, como a de Malandraxe en Vigo, Circo Fusión en Ferrol ou Pistacinco en Santiago o redor do 2005. A ebullición do momento e necesidade de exhibición abren paso o Festival e Programación de Rúa en Compostela con D`Gorra damán de Pistacinco.

Decir que todos estes festivais nutríanse das artistas emerxentes da época que estaban a formarse nas primeiras Escolas Galegas de Circo como Pistacinco actualmente chamada Cironove ou Manicómicos. Ó igual que os cursos organizados polas diferentes asociacións e agrupacións xa existentes. Outros moitos saíron fora a seguir estudando nas primeiras Escolas de Circo nacionais como Carampa 1994 ou Rogelio Rivel 2000 ou outras Europeas como The Circus Space, Uk ou Le Lido, Francia.



Esto xenera o retorno de artistas que marcharan fóra a estudar e outras artistas foráneas que chegaban a nosa comunidade para comezar a crear un tecido circense moito máis profesionalizado e organizado. Comezan a establecer contacto e alianzas entre elas como coa Administración. Exemplo disto foi o traballo de Pistacatro xunto o CDG e Cristina Domínguez no 2010 na inclusión no programa Jeunes Talents de Cirque, Concurso Europeo de Novo Circo. E así ata os nosos días segue crescendo como sector profesional traballando en rede co resto do sector tanto dentro da comunidade como ca península. Por isto nace a APCG no 2011 para ofrecer o escenario entre as artistas galegas onde falar, estudar, reflexionar e reclamar as súas necesidades dentro da Industria Cultural Galega e Nacional.

Línea Tempo Novo Circo




ANÁLISE DATOS

Podemos observar que é moi rápida a expansión do Novo Circo Galego, asentouse fortemente entre os anos 2000-2011 e nestes 24 anos avanzou moito na súa profesionalización, especialización e tecnificación. Tanto a nivel das habilidades artísticas como o conxunto de toda a infraestrutura cultural o seu redor. Inda que segue sen ter un lugar e recoñecemento claro por parte das institucións.

Uns dos factores mais Importantes e Relevantes que observamos neste 1º Censo é que as Artistas de Novo Circo xa non son só interpretes das Artes do Circo. Senón que son Compañías Unipersoais que compaxinan o traballo de distribución, produción de eventos, xestión cultural, docencia, técnica e dirección entre outras, co oficio de actuar ou só interpretar. Ó 58,85 das artistas son autónomas.

Vendo os datos vemos que Galicia segue os pasos e os tempos, xunto co resto de Escolas e Asociacións Profesionais en España para rematar de garantir un futuro no que as Artes de Circo estén mellor recollidas a niveis formativos, fiscais e se teñan en conta as visicitudes desta Arte. Algo que o propio sector esta intentando analizar, entender, asentar e implantar de cara o futuro próximo. Poir isto tódalas plataformas como Circo Red, Feece e demais Asociacións Profesionais e Socioculturais de Circo das Comunidades como a APCG en Galica que traballan en rede, son esenciais como o motor e escenario onde solventar entre todas, esta situación actual inda non definida ou concretizada pormenorizadamente. A construción do Estatuto do Artista uns dos principais obxetivos segue en proceso de creación e consolidación no 2024. Tómanse como referencia e modelo outros países e proxectos fóra das nosas fronteiras que xa teñen instaladas as infraestructuras, decálogos e lexislación sobre as Artes Escénicas e Artes do Movemento.

Observamos cos datos obtidos que en Galicia o Novo Circo está inda en desigualdade a nivel xénero, inda hóxe son menos as mulleres que o practican. As artistas están máis ou menos dentro duns parámetros de paridade pero o feminino segue estando por debaixo. Son 30 Artistas Masculinos e 22 Artistas Femininas. Pero nas agrupacións é inda moito mais distanciado. As Agrupacións Mixtas son o 52,9% As Agrupacións Femininas só o 17,6% e o 29,4% Masculinas. Outra desigualdade que se mostra é que inda segue habendo unha separación dentro das disciplinas, hai máis mulleres aerealistas que homes o igual que menos mulleres malabaristas e si máis homes. No Grupo clown é onde se mistura o xénero dun xeito máis paritario.




Entre os Acróbatas e Equilibristas pasa o mesmo homes portores e mulleres áxiles. Obviamente todo se relaciona cas diferentes potencialidades dos corpos pero é algo que nos últimos anos vense desdibuxando e ten unha tendencia a paridade total.

E non só a nivel de formación de artistas femininas senón tamén na súa contratación que inda está algo baixa na meirande parte dos Festivais. E por iso saber tamén que xa existe o Manual de Boas Prácticas en Paridade para a Programación dos Festivais Circenses, como o impulsado por Circada e Circaire, en Andalucía no 2021.

En Galicia contamos con artistas cunha ampla formación e variade de Disciplinas, a Deputación da Coruña ofrece unha Beca para Estudos de Perfeccionamento Artístico que algunhas delas poden demandar. Sabemos que 12 artistas asistiron a Escolas Superiores de Circo, 28 a Escolas de Circo e 45 deles realizan cursos e intensivos, e dicir, en xeral manteñen unha formación e investigación continuada, especializada e profesional. Actualizándose nunha Arte que non para de crecer. Non é casual que 31 desas artistas son autodidactas, hoxe en día contamos con moitas vías dixitais onde acceder a información e tutoriais, pero antes non había tantos medios onde aprender trucos e demais disciplinas, inda que de sempre as artistas de circo empregan moito tempo a improvisación e a práctica onde xurden eses novos trucos, posicións ou movementos. É unha Arte Viva en continua expansión da que só se aprende e innova se se practica. Esta búsqueda e investigación é intrínseca o Circo dende os seus inicios do máis difícil todavía.

E por iso son tan importantes as Escolas e Espazos de adestramento na xeración das comunidades de Circo, o 64% dos artistas practican de forma habitual neste tipo de espazo. Está claro que onde están estas, ubícanse a maioría das artistas. E os datos o corroboran, dende que naceron as primeiras escolas e asociacións o aumento expoñencial de artistas foi gradualmente in crescendo. Inda agora anos mais tarde vemos a progresión desas primeiras cativas que comezaron a súa aprendizaxe nestes espazos e hoxe en día están conformándose como artistas, como Luz García parte do elenco da Serie Clopen, próxima produción do CDG. Vemos que en tan pouco tempo de idade destes espazos xa reflexan a súa transcendencia no hoxe. Abrindo paso a unha segunda xeración.





Actualmente no 2024 as Comunidades de Circo atópanse maiormente nas grandes cidades das provincias da Coruña e Pontevedra. En Ourense está a Escola Galega de Clown e ningunha rexistrada en Lugo. A Escola de Circo referente en Galicia é Circonove, ubicada en Compostela, onde se fixeron programas, entre outros, de Formación Integral para Artistas que querían introducirse en Escolas Superiores de Circo ou converterse en Artista de Circo. A meirande parte de Escolas Galegas están mais centradas ou especializadas en algunhas disciplinas pero non ofrecen un programa completo de Escola de Circo como tal. É dicir, Escola de circo onde se aprenden tódalas familias ou ramas circenses. Nos últimos anos contemplamos que algunhas artistas abriron espazos para o adestramento e cursos puntuais en vilas mais pequenas descentralizando tanto as cidades, pero seguimos sen achegarnos o rural galego a nivel formativo. Só nos achegamos con exhibicións nas vilas a través das redes como Cultura no Camiño ou outros festivais como Rianclown.

Moitas das Escolas son dirixidas por Asociacións o que conleva unha gran resistencia continua por parte destas. Pola propia idiosincrasia dos grupos. Traballo altruísta de socias, infraestrutura técnica moi costosa. Seguen nun nivel moi precario a hora de afrontar os proxectos, axudas como a da Deputación de A Coruña para o mantemento de escolas de música, danza axudan pero non son suficientes. De feito neste momento a Escola de circo Circonove atravesa unha situación despois da crise de covid moi delicada, ó igual que as súas compañeiras o redor. Sendo curioso que xusto un ano antes desta crise, dato relevante obtido neste censo foi que o 2018, foi o ano que mais artistas, compañías e distribuidoras formáronse o mesmo tempo.

Tamen é algo a destacar que o 88,7% das Artistas Contemporáneas fan Espéctáculos de Rúa e o 64,2% para Sala ou Teatro esto é algo que fai anos estaría moito mais desproporcionado, os primeiros festivais ou espazos que ocupaban estas artistas eran espazos públicos por isto que a maioría das primeiras pezas estaban deseñadas para realizar na rúa. Dado a inclusión nestes últimos 24 anos do Circo nas Redes Culturais de Programación da Comunidade e a expansión de máis Espazos de Exhibición, Subvencións e a Profesionalización d@s Artistas de Novo Circo fan que hoxe en día poidamos desfrutar de máis Espectáculos en Sala. Neste 2024 o CDG fai a súa 1º produción circense en Galicia.






Inda que como Arte viva vemos que as artistas comezan a desenrolar outras relacións co espazo/corpo/disciplina/aparato realizando pezas en Espazos non convencionais ou noutros formatos como a Videocreación. Tamén se rexistran actuacións de monólogos e improvisación teatral en en Bares ou outros formatos en Semáforos e dos que menos en Carpa de Circo.

A inclusión do Circo como Arte nas subvencións para a Nova Creación, Xira e Festivais que proporciona AGADIC axuda e provoca que as nosas compañías e Artistas poidan desenrolar procesos de Creación, Producción e Distribución de Espectáculos mais profesionalizados, inda que non son utilizadas por tódalas artistas só o 24,5% fan uso delas. Destacar que o 94,3% recurra a Autoprodución e o 28,3% Coproduza con outras compañías ou artistas. Esta situación é relevante, entender o porque desta tendencia fainos preguntar que é o que non funciona, o descoñecemento por parte das artistas galegos destas axudas? Os tempos dos procesos obrigados pola administración non se corresponden ca realidade do proceso creativo circense? A situación precaria laboral fai que non se poida invertir e asumir gastos a pre? Ou porque as cuantías ofertadas non chegan os mínimos dos gastos para as producións de circo e as súas infraestructuras? Ou os requisitos destas estan fóra da nosa realidade artística, e non podemos chegar as puntuacións mínimas como as compañías de teatro? Medos de dar o paso? Ou decisión persoal de non precisar estas ... Non sabemos só con estes datos do porqué, pero é algo no que pensar e reflexionar nos espazos profesionais como o da APCG, onde se poidan escoitar tódalas voces e situacións.

O que sí sabemos fagan como fagan as suas Producións a Difusión dos seus espectáculos a nivel xeográfico e parecida tanto dentro como fóra da nosa Comunidade o 35,8% faino a nivel nacional o 32,1% só a nivel autónomico e o 32,1% faino internacionalmente. Para isto contemplamos que a negociación e Distribución das creacións tanto das Compañías Unipersoas como as Compañías Agrupacións combinan esta labor de venta a través dunha distribuidora como de forma persoal. Só 5 artistas non fan distribución, entendemos adícanse a animación, casting, rúa ou contratación indirecta da distribuidora.



Gracias a esta difusión fóra, amplían as posibilidades de contratación e a entrada en Redes Escénicas Nacionais e Internacionais e máis Festivais, onde algúns dos espectáculos están a gañar premios ou certámens fóra da nosa comunidade como “Orquesta de Malabres” de Pistacatro ou “Só” de Xampatito Pato. En Galicia non existen Premios de Circo ata o ano 2024 ano que se orixinan os **PREMIOS DE NOVO CIRCO GALEGO MANU LAGO**, organizados pola APCG e dirixido e ideado por Antón Coucheiro nesta primería edición. Si que o Festiclowm ofrecía Recoñecementos de público as compañías programadas no seu Festival dende os seus inicios, pero nada comparable a estes novos PREMIOS para todo o sector circense galego.

O que é preocupante, é que as artistas están moi por debaixo do salario mínimo interprofesional, só da venda de espectáculos e contratación escénica o 49% non chegan os 10.000€ e só o 34% o supera. Así que esta situación fainos recapacitar en dúas cuestións. Que esta precariedade laboral fai que as artistas teñan que desenrolar outros traballos para poder sosterse e seguir invertindo nas súas autoproducións. E tamén que, a parte da precariedade, as artistas se ven implicadas no resto das accións da industria, para poder soste unha estrutura onde desenvolver a actividade circense, porque sen elas, non existiría dende outros lugares nin institucionais, nin privados. Así que se ven abocadas a cubrir outras moitas líneas de traballo que retroalimentan o sector de Novo Circo. Inda con toda esta actividade seguimos observando que a situación é moito máis alarmante dado que o 54,8% está por debaixo do salario mínimo interprofesional anual o 15,1% sí o supera e o 30,2% prefire non contestar. Inda que sen ter estas últimas respostas vemos que máis da metade non chega o mínimo vital así que podemos dicir que máis da metade das artistas sufren unha precariedade salarial importante.

Por isto e moitos máis factores este estudo era necesario e o facemos dende a APCG que se considera o marco onde tódalas persoas artistas galegas podemos falar e mellorar. Non só entre nós, senón tamén ca institución e outros sindicatos como a AAAG ou patronais como Escena Galega cas que asinamos entre outras moitas o Protocolo Contra o Acoso Sexual e por Razón de Xénero nas Artes Escénicas e Musicais.

Sabemos que precisamos a seguir ca pesquisa para seguir porfundizando nas necesidades do noso sector así que faremos novas convocatorias para censar mais artistas e valorar outras cuestións que se nos quedarón pendentes despois desta primeira volta.

AGRADECEMENTOS

Agradecementos a Manu Lago Galicia Danza Contemporánea polo asesoramento e exemplo deste proxecto nos seus inicios. A Antón Coucheiro por ese coidado da parte visual e non deixala caer no esquecemento durante tantos anos. A Malala Ricoy, Marta Iglesias e Paula Quintas pola axuda, consellos e apoio no desenvolvemento durante todo o proceso. E a tódolas Artistas, Compañías e Axentes inscritos por creer nesta proposta e facela posible.

A Agadic e Jacobo Sutil pola escoita, apoio desta iniciativa e confiar na APCG e nas súas actividades e aportar continuidade o Sector Circense Galego. O igual que a Deputación da Coruña pola contribución a APCG no desenrolo da súa formación e a videodixitalización do Arquivo.

Agradecida por poder presentar esta ferramenta como referente para tódolas persoas interesadas no Novo Circo Galego e facer xustiza a un sector que aporta tanto valor a sociedade e cultura galega.



REFERENCIAS

Para completar e verificar moita da información volcada neste Arquivo. Visualizaróñse as seguintes páxinas webs:

AGADIC <https://industriasculturais.xunta.gal/gl>

CDG <https://centrodramatico.xunta.gal/cdg/>

INAEM <https://www.cultura.gob.es/cultura/artesescenicas/portada.html>

CIRCO RED <https://cirkored.com/>

DEPUTACIÓN DA CORUÑA <https://www.dacoruna.gal/portada>

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA <https://www.depo.gal/>

ERREGUETÉ <https://erreguete.gal/>

MANU LAGO Galicia Danza Contemporánea <https://www.manulago.com/>

CIRCO DE LOS MUCHACHOS <https://asociacionpadresilva.org/>

REDE NASA Grupo Chevere Sala Nasa <http://redenasa.tv/gl/>

MANICÓMICOS <https://www.manicomicos.org/>

CULTURACTIVA <https://www.culturactiva.org/>

FIOT CARBALLO <https://fiot.gal/>

FESTIVAL CÓMICO CANGAS <https://www.mostrateatrocangas.gal/index.php/>

AAAG <https://aaag.gal/>

CNAC <https://cnac.fr/fr>

CIRQUE DU DEMAIN <https://www.cirquededemain.paris/en/>

A VOZ DE GALICIA <https://www.lavozdegalicia.es/>

O CORREO GALEGO <https://www.elcorreogallego.es/>